



Bases do proceso selectivo para a participación do alumnado no Programa de Mobilidades Erasmus+ no curso 2023-2024.

Curso académico	2023-2024	Destinatarios/as	ALUMNADO DE 2º DE CICLO MEDIO DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA
PROCESO SELECTIVO PARA AS MOBILIDADES DO PROGRAMA ERASMUS+ VET			
Órgano convocante	Comisión de Mobilidades do Programa Erasmus+ do IES Félix Muriel		
BASES PARA A PARTICIPACIÓN no programa Erasmus+ da Acción clave: mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe KA1			
<p>O alumnado que estea cursando 2º de CM de Atención a persoas en situación de dependencia (APDS) e que desexe optar a unha das 3 mobilidades do programa Erasmus+ para a realización da FCT no estranxeiro, será seleccionado segundo criterios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia tanto nas bases desta convocatoria como no desenvolvemento da selección das persoas candidatas.</p> <p>Será un requisito imprescindible para poder realizar a mobilidade, en caso de ser concedida, ter superados todos os módulos do 2º curso na 2ª avaliación ordinaria. Así como, aceptar os compromisos indicados na convocatoria e formulario de solicitude.</p> <p>O alumnado deberá presentar a solicitude de participación cuberta e asinada (formulario editable) e o resto de documentación solicitada na convocatoria (currículum europass, documentación acreditativa dos idiomas e méritos, así como, do apartado 5) e carta de motivación) na Secretaría do centro e a través do correo electrónico: ies.felix.muriel@edu.xunta.gal indicando no asunto "Programa Erasmus+ mobilidade FCT" antes das 14 horas do 31 de decembro de 2023</p> <p>O proceso selectivo consistirá na valoración dos seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Expediente académico ata a data (incluírase a 1ª avaliación de 2º curso) (15%) 2. Coñecemento de idiomas (15%) 3. Méritos (15%). 4. Outras cuestións (atención á diversidade). (15%) 5. Carta de motivación (10%) 6. Entrevista persoal (30%) 			
1.- EXPEDIENTE ACADÉMICO (ata 1,5 punto)			
<p>Valorarase ata un máximo de 0,5 punto o expediente académico da ESO.</p> <ul style="list-style-type: none"> - De 6 a 6,99: 0,5 puntos. - De 7 a 8,99: 1 puntos. - De 9 a 10: 1,5 puntos. 			
2.- COÑECEMENTO DE IDIOMAS (ata 1,5 puntos)			
<p>Certificado de nivel de idiomas dos posibles países de destino (italiano, francés, portugués) ou no seu defecto inglés- Por certificado da Escola Oficial de idiomas ou equivalente legalmente homologado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A2: 0,5 puntos por cada certificado. - B1: 1 punto - B2: 1,5 puntos 			
3.- MÉRITOS (ata 1,5 puntos)			
<ul style="list-style-type: none"> - Títulos de formación profesional diferente ao cursado. (0,25 puntos por cada). - Participación na vida do centro educativo (pertenza a clubs, grupos de traballo, equipos,...). (0,25 por cada. Ata un máximo de 0,5 puntos). - Participación en programas de voluntariado, prácticas en entidades ou organizacións sociais. (0,5 por cada. Ata un máximo de 1 punto) 			
4.- OUTRAS CUESTIÓN S (ata 1,5 puntos)			
<ul style="list-style-type: none"> - Pertencer a familia numerosa (documentalmente acreditado): 0,25 puntos - Pertencer a familia monoparental (documentalmente acreditado) ou circunstancia similar: 0,25 puntos - Que algún membro da familia fose ou sexa vítima de violencia de xénero (documentalmente acreditado): 0,5 puntos - Que algún membro da familia teña unha diversidade funcional (documentalmente acreditado): 0,5 puntos 			
5.- CARTA DE MOTIVACIÓN (ata 1 punto)			
<p>Valoraranse o interese do alumno/a, as súas inquietudes e as habilidades sociais e competencias para realizar unha mobilidade.</p>			
6.- ENTREVISTA PERSOAL (ata 3 puntos)			
<p>Valoraranse as habilidades persoais e sociais. Os intereses que ten pola mobilidade. A iniciativa, a capacidade resolutiva e as habilidades para desenvolverse de xeito independente noutro país.</p>			



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
FÉLIX MURIEL



Cofinanciado por
la Unión Europea

PRESIDENTE DA COMISIÓN DE MOBILIDADES

P.O.

Asdo: Ramón Manuel Veiga Fernández

Data

En Rianxo a 4 de decembro de 2023